

Luns, 2 de marzo de 2020

Núm. 42

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**NIGRÁN**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA*

*ANUNCIO*

*Asunto:* Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Nigrán.

*Expte. Nº:* 22-3/2018 AEDL

*Código Cívidas* 2018/4532

*Trámite:* Publicación.

*Normas de aplicación:* Art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes.

*Aprobación:* Pleno do Concello en sesión do 25-11-2019.

Tras a informacion pública no boletín oficial da provincia do 05-12-2019, quedou elevado a definitivo o mencionado acordo, polo que as aproba na expresada Ordenanza.

Publícase como anexo o texto aprobado, coa indicación de que o acordo pon fin á vía administrativa polo cal fronte ao mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses a contar desde esta publicación, sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso procedente.

O ALCALDE

*ANEXO:*

**ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE NIGRÁN**

*Preámbulo*

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, atribúelles aos poderes públicos competencias en materia de lingua, debendo garantir o uso normal e oficial do galego e do castelán, sen prexuízo de potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, de dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento e de establecer que a lingua propia de Galicia é o galego.



A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 6, determina que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns, engadindo que a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego e que as Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas na mesma Lei. E no artigo 2 establece que os referidos poderes públicos garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma galega.

Pola súa parte, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases d Réxime Local, no art. 25.2, m) contempla a competencia en materia de promoción da cultura como propia do municipio, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Co fin de establecer un criterio normativo impulsor do progresivo proceso de normalización do galego na Administración local ditouse a Lei 5/1988, de 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas Entidades Locais.

Ratificando o sinalado no art. 4.1 da propia Lei 3/1983, a posterior Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, reafirma que o galego, como lingua propia de Galicia, o é tamén da súa Administración Local (art.7.1). Ademais recoñece o dereito dos cidadáns a utilizar o idioma galego nas súas relacións coas Corporacións Locais da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 252.2, d). Por outra parte, tamén busca que se garanta o coñecemento da lingua galega nos sistemas de acceso ás prazas e postos de persoal da Administración Local (arts. 240 e 245).

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no art. 15.2, establece que nos procedementos tramitados polas Entidades Locais o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

Finalmente, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu art. 9, contempla a lingua, regulada pola súa normativa específica, como vehículo do patrimonio cultural inmaterial.

Tendo presente a existencia dun amplo marco normativo nesta materia, ao que se unen as previsións da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias de 5 de novembro de 1992 (ratificada por España mediante o Instrumento publicado no Boletín Oficial do Estado do 15 de setembro de 2001) e atendendo aos principios de necesidade e eficacia, preténdese que a regulación municipal nesta materia, sen esquecer a súa importancia, adopte unha forma sinxela, sen duplicidades con outras normas vixentes, de xeito que se preserve a seguridade xurídica e a coherencia co resto do ordenamento xurídico.



Luns, 2 de marzo de 2020

Núm. 42

### **Artigo 1. Obxecto**

A presente ordenanza ten por obxecto potenciar o uso do idioma galego na actividade municipal e adoptar medidas encamiñadas a que ninguén sexa discriminado por razón da lingua que empregue nas súas relacións, tanto orais coma escritas, co Concello de Nigrán ou coas empresas adxudicatarias de contratos municipais.

### **Artigo 2. Usos lingüísticos internos**

As actuacións internas do Concello desenvolveranse en galego.

As convocatorias de sesións dos órganos colexiados municipais, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das Comisións informativas, emendas, acordos, resolucións e actas redactaranse en lingua galega, sen prexuízo de que, ademais, poidan redactarse en castelán.

Estarán escritos en galego os rótulos cos que se identifiquen as oficinas ou despachos do Concello e dos demais edificios e dependencias municipais. Cando non existe semellanza entre a denominación en galego e en castelán tamén se rotularán nesta última lingua.

### **Artigo 3. Persoal**

Nas probas de acceso ao emprego público municipal e nas bases dos concursos de funcionarios con habilitación de carácter nacional, que deba aprobar o Concello, incluírase o coñecemento da lingua galega de conformidade co previsto na normativa vixente. Sen prexuízo do anterior o Concello adoptará as medidas necesarias para que o seu persoal progrese no nivel de formación en linguaxe administrativa.

### **Artigo 4. Usos lingüísticos externos**

Os expedientes administrativos tramítaranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito das persoas a utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas súas relacións co Concello e a obter documentación na lingua oficial que demanden.

Nos rexistros administrativos físicos municipais, os asentamentos faranse en galego, independentemente do idioma en que se presente o documento.

Nos modelos en versión bilingüe, o galego ocupará unha posición preferente.

A documentación que o Concello dirixa a calquera das Administracións Públicas radicadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, incluída a Administración periférica do Estado, redactarase en lingua galega.

Os expedientes ou partes dos mesmos que deban producir efecto fóra de Galicia deberán traducirse ao castelán.



Luns, 2 de marzo de 2020

Núm. 42

Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que a persoa interesada prefira ser atendida en castelán.

O Concello fomentará a normalización do uso do galego nas publicacións e actividades que promova, dirixidas á veciñanza. Con esta finalidade tamén poderá outorgar beneficios fiscais no marco das disposicións aplicables.

O Concello velará pola rotulación en galego dos nomes das rúas, favorecerá o uso dos topónimos tradicionais na denominación dos camiños públicos e promoverá a conservación da microtoponimia rural.

*Disposición final. Entrada en vigor*

De conformidade co previsto no artigo 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril, a presente Ordenanza entrará en vigor despois de publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorrido o prazo previsto no artigo 65 do mesmo texto legal.

